

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: IES de Ponte Caldelas  
CURSO: 2021/22  
DEPARTAMENTO: Matemáticas  
DATA: 07/04/2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

Cálculo da nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación:

### 1º, 2º, 3º e 4º ESO de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas

A nota de cada avaliación obterase valorando exames, estado do caderno, nivel de cálculo mental, traballo diario e actitude cara á materia segundo as ponderacións indicadas:

Procedemento	Observacións	Ponderación
Exames	Faranse polo menos dous exames.	80%
Caderno	Valorarase que conteña todas as explicacións e exercicios, que as actividades estean ben corrixidas e que estea ben presentado.	5%
Cálculo mental	Faranse probas periódicas de cálculo mental que se puntuarán numericamente.	5%
Traballo diario	Valorarase a realización das tarefas encomendadas na clase e na casa.	5%
Actitude cara a materia	Valorarase o interese e atención: presta atención, participa na clase, fai as tarefas que se propoñen na aula e respecta ao profesorado e aos compañeiros.	5%

**Avaliacións  
trimestrais**

### 3º ESO de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas

A nota de cada avaliación obterase valorando exames, nivel de cálculo mental, traballo diario e actitude cara á materia segundo as ponderacións indicadas:

Procedemento	Observacións	Ponderación
Exames	Faranse polo menos dous exames.	85%
Cálculo mental	Faranse probas periódicas de cálculo mental que se puntuarán numericamente.	5%
Traballo diario	Valorarase a realización das tarefas encomendadas na clase e na casa.	5%
Actitude cara a materia	Valorarase o interese e atención: presta atención, participa na clase, fai as tarefas que se propoñen na aula e respecta ao profesorado e aos compañeiros.	5%

	<p><b>4º ESO de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas</b></p> <p>Realizaranse, como mínimo, dous exames por avaliación e calcularase a súa media aritmética.</p> <p>Premiarase con ata 1 punto o traballo diario e o interese e actitude cara á materia. Esta nota súmase coa media dos exames e trúncase o resultado.</p> <p><b>Matemáticas e Matemáticas Aplicadas ás CCSS</b></p> <p>Nas materias de Matemáticas e Matemáticas Aplicadas ás CCSS, tanto en 1º como en 2º de bacharelato, realizaranse a lo menos dous exames por avaliación. Os primeiros serán parciais e o último incluírá todos os contidos do trimestre. A media dos exames calcularase ponderando o exame global o dobre que os parciais (se se fai un parcial: 1/3 o parcial e 2/3 o global; se se fan dous parciais: 1/4 cada parcial e 1/2 o global). En calquera caso, se se supera o exame global, a avaliación estará aprobada.</p> <p>Premiarase con ata 1 punto o traballo diario e o interese e actitude cara á materia. Esta nota súmase coa media dos exames e trúncase o resultado.</p> <p><b>Métodos estatísticos e numéricos</b></p> <p>Na materia de Métodos Estatísticos e Numéricos valoraranse cun 50% a asistencia, a participación, o traballo e a actitude cara a materia. O outro 50 % sairá dos resultados obtidos nos exercicios e probas puntuables que os alumnos irán facendo periodicamente durante o curso, sempre con un mínimo de dúas por trimestre. A nota obtida redondearase para a obter a nota da avaliación.</p> <p><u>Procedementos de recuperación:</u></p> <p>En tódolos casos o alumnado que non supere algunha avaliación trimestral poderá facer un exame de recuperación global do trimestre. Se nesta proba o alumno ou alumna obtén unha nota superior á que tiña, será esta última a que se considere como cualificación trimestral definitiva aínda que sexa superior a cinco.</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><u>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</u></p> <p>Para superar a materia na avaliación final, será necesario ter as tres avaliacións parciais aprobadas, en primeira convocatoria ou nunha recuperación, sendo a cualificación final do curso a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.</p>

<p><b>Proba extraordinaria para BAC</b></p>	<p><u>Consistente en:</u></p> <p>O alumnado de bacharelato que non supere a avaliación ordinaria poderá realizar un exame global de toda a materia sendo a cualificación final a nota desta proba.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p><u>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</u></p> <p>O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores seguirá un plan que incluíra boletíns de repaso e a realización de dous exames ao longo do curso. O alumnado que obteña no primeiro exame unha puntuación maior ou igual a 4 liberará esa parte da materia e só terá que examinarse da restante parte na segunda proba, mentres que o alumnado que obteña na primeira proba una cualificación inferior a 4 deberá examinarse da totalidade da materia na segunda proba. A cualificación final da materia pendente será a media aritmética das dúas devanditas probas. Non obstante, se un alumno ou alumna se examina da totalidade da materia na segunda proba e obtén unha puntuación maior ou igual que 5 estará aprobado aínda que a media das dúas probas sexa inferior a 5.</p> <p>O alumnado que non supere a materia pendente mediante este procedemento, terá a posibilidade de realizar outra proba de recuperación global no período comprendido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final.</p> <p><u>Procedementos e instrumentos de avaliación:</u></p> <p>Probas escritas que se desenvolverán segundo o procedemento detallado no punto anterior.</p>

## 2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

<p><b>Metodoloxía</b></p>	<p>O alumnado que teña algunha avaliación suspensa terá a posibilidade de recuperar as aprendizaxes non adquiridas durante o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Con este fin, ao rematar a terceira avaliación, o profesora do informará aos alumnos e alumnas sobre que contidos deben recuperar e lles proporán actividades de repaso. Nos últimos días deste período realizaranse probas escritas que permitan ao alumnado demostrar a adquisición dos coñecementos requiridos. Neste sentido distinguíranse dous casos:</p>
---------------------------	---

	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos e alumnas que teñan unha ou dúas avaliacións parciais suspensas poderán examinarse soamente destas avaliacións. Se nestas probas o alumno ou alumna obtén unha nota superior á que tiña, será esta última a que se considere como cualificación trimestral definitiva aínda que sexa superior a cinco, sendo a súa nota final a media aritmética das tres cualificacións trimestrais.</li> <li>Os alumnos e alumnas que teñan as tres avaliacións parciais suspensas deberán realizar unha proba global de toda a materia. Se superan esta proba considerarase superada a materia sendo a súa nota final a nota da devandita proba.</li> </ul> <p>Por outra banda, para o alumnado que xa teña as tres avaliacións aprobadas proporanse igualmente actividades de consolidación e/ou ampliación dos contidos adquiridos e, nos últimos días, ofreceráseles a posibilidade de realizar unha proba global de toda materia. Se nesta proba obteñen unha nota superior á media aritmética das tres cualificacións trimestrais, a súa nota final pasará a ser a da devandita proba.</p>
<b>Actividades tipo</b>	Actividades similares ás realizadas durante o curso.
<b>Materiais e recursos</b>	Libro de texto, apuntes teóricos, boletíns de exercicios e aula virtual.
<b>2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	<p>O alumnado de 1º de bacharelato que teña a avaliación ordinaria suspensa terá a posibilidade de presentarse a unha proba extraordinaria de toda a materia. Nos días posteriores á avaliación final ordinaria o profesorado propondrá actividades de repaso para a preparación desta proba e resolverá as dúbidas relacionadas.</p> <p>Por outra banda, para o alumnado que xa teña superada a materia proporanse igualmente actividades de consolidación e/ou ampliación dos contidos adquiridos.</p>
<b>Actividades tipo</b>	Actividades similares ás realizadas durante o curso.
<b>Materiais e recursos</b>	Apuntes teóricos, boletíns de exercicios e aula virtual.
<b>2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC</b>	

<b>(Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)</b>	
<b>Metodoloxía</b>	<p>O alumnado de 2º de bacharelato que teña a avaliación ordinaria suspensa terá a posibilidade de presentarse a unha proba extraordinaria de toda a materia. Nos días posteriores á avaliación final ordinaria o profesorado proporá actividades de repaso para a preparación desta proba e resolverá as dúbidas relacionadas.</p> <p>Por outra banda, para o alumnado que xa teña superada a materia proporanse actividades dirixidas á preparación das probas de ABAU.</p>
<b>Actividades tipo</b>	Actividades similares ás realizadas durante o curso e resolución de exames ABAU de anos anteriores.
<b>Materiais e recursos</b>	Apuntes teóricos, boletíns de exercicios e aula virtual.